



CORRUBEDO-PUNTA TEIRA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 7 km, lineal, ou 14, ida e volta

Dificultade: baixa

Duración: 2 a 4 horas



Para coñecer este tramo da costa dos concellos de Ribeira e Porto do Son, percorrendo as praias de Balieiros e Espiñeirido, praias bravas fronte ao mar aberto respaldadas polos seus sistemas dunares fixados pola vexetación, entre a que se atopan especies en perigo; e os rochedos e boleiras da punta do Corgo na que toxos, silveiras e demais elementos vexetais adaptan a súa altura á forza do traballo do vento.

O tempo de 4 a 5 horas, porque, como sabemos os que camiñamos, cada un móvese ao seu ritmo e ten a súa cadencia, que muda según o día, o camiño, o relevo, as cousas que vaia vendo e atopando e ata do tempo de que dispoña para facer o percorrido. O itinerario e doado de seguir porque na parte de Corrubedo está sinalizado como SC R1 e na parte de Espiñeirido non hai máis que seguir as pasarelas da praia. Para non facer a ida e a volta polo mesmo sitio a variación está en facer unha parte polos areais, se se vai camiñar con calma, e a volta polos camiños e as pasarelas.

Gran parte deste tramo de costa está protexido no LIC “Complejo Húmido de Corrubedo”.

COMO CHEGAR:

Comezamos no cabo Corrubedo, onde podemos deixar o coche e ver o faro e os cantís. O camiño segue a a beira da costa cruzando varias boleiras e zonas rochosas de pouca altura (a Paredo do Cabo) onde podemos ver variedade de rochas con pregues e filóns. Chegamos á primeira praia, O Portiño, encaixada entre paredes de rochas, onde comeza a enseada de Balieiros. Seguimos a praia ata a Punta do Corgo, que percorremos polos carreiros da parte alta máis próximos á costa, onde atopamos interesantes formacións rochosas. Chegamos á pequena praia do Rial, separada por un rego da praia de Espiñeirido ou Recabeira e logo ao rochedo da punta do rego da Xoaniña. Un pouco máis adiante atopamos a praia de Seráns e o Cabo Teira, fin da nosa andaina.



Faro de Corrubedo, cunha altura de 14 m sobre o terreo e 32 m sobre o nivel do mar. Foi construído en 1854 e ten un alcance de 15 millas.



Praia de Balieiros.



Punta Couso



Coído na punta de Laxe Brava.



Vexetación nas dunas



Praia de Espiñeirido.



Alyssum loiseleurii subsp *gallaecicum*, endemismo galego que medra en praias pouco frecuentadas .



Punta do Rego da Xoaniña e Punta Teiro.



Caracois (*Theba pisana*), en tempos de seca agrúpanse nas puntas das plantas.



Vista aérea de todo o espazo, desde a punta Teira (á esquerda), ata a de Corrubedo (á dereita). No centro a punta do Corgo.